

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2009.**

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas do día dezasete de setembro do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-presidente D. Xosé Fernández Barcia e coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Antonio Bouza Rey, D. José Juan Roca Lorenzo, D<sup>a</sup>. Angeles Díaz Prados e D<sup>a</sup> Gloria Fornos Bastida.

Actúa como secretario, o que o é desta Corporación D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 03.09.2009.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 3 de setembro de 2009.

### **2.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE "ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN PARA O CONCELLO DE MUGARDOS"**

Transcorrido o prazo legal tras a adxudicación provisional do servizo epigrafiado e unha vez constituída polo adxudicatario provisional, D. NOVA CONSULTORES, a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, isto é, 1.395 euros, e presentada a documentación esixida na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación (documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Adxudicar definitivamente o contrato de prestación de servizos de "ELABORACION DO PLAN DIRECTOR DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN PARA O CONCELLO DE MUGARDOS", pola modalidade de procedemento negociado sen publicidade, á empresa D. NOVA CONSULTORES C.I.F. B15828791 no prezo de TRINTA E DOUS MIL TRESCENTOS SESENTA E CATRO EUROS (32.364 €) IVE incluído, según desglose que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 27.900 €

B) I.V.E.: 4.464 €

C) Total (A + B): 32.364 €

**Segundo.-** Aprobar o gasto con cargo á partida 2009.0.322.0.22706 do orzamento vixente.

**Terceiro.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

**Cuarto.-** Que se requira ao adxudicatario para a formalización do contrato administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación. Asimesmo, deberá notificarse ao resto dos licitadores.

### **3.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE "SANEAMENTO DE AUGAS FECAIS EN A IGREXA-A FONTE", INCLUIDAS NO POS 2009.**

Transcorrido o prazo legal tras a adxudicación provisional das obras epigrafiadas e unha vez constituída polo adxudicatario provisional, D. CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L. a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 2.829,60 euros, e presentada durante o prazo de presentación de proposicións a documentación esixida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación (documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Adxudicar definitivamente as obras de "SANEAMENTO DE AUGAS FECAIS EN A IGREXA-A FONTE", incluídas no POS 2009 (código proxecto 09-2100-0155.0) á empresa D. CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L. - CIF B15317373 - no prezo de SESENTA E CINCO MIL SEISCENTOS CUARENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (65.646,65 €) IVE incluído, según desglose que figura a continuación:

- A) Prezo sen I.V.E.: 56.591,94 €
- B) I.V.E.: 9.054,71 €
- C) Total (A + B): 65.646,65 €

**Segundo.-** Aprobar o gasto con cargo á partida 2009.0.441.0.62700 do orzamento vixente.

**Terceiro.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

**Cuarto.-** Que se requira ao adxudicatario para a formalización do contrato administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación. Asimesmo, deberá notificarse ao resto dos licitadores.

**Quinto.-** Nomear Director Técnico da obra ao enxeñeiro de camiños, redactor do proxecto técnico, D. Marcelino López Méndez.

### **4.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DA "SEPARATA Nº 3 (1ª PARTE) ABASTECIMENTO DE AUGA FRANZA, O SEIXO E SAN XOAN", INCLUIDAS NO PCC 2008.**

Transcorrido o prazo legal tras a adxudicación provisional das obras epigrafiadas e unha vez constituída polo adxudicatario provisional, D. CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ. a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 6.025,86 euros, e presentada a documentación esixida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación (documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Adxudicar definitivamente as obras de "SEPARATA Nº 3 (1ª PARTE) ABASTECIMIENTO DE AUGA FRANZA, O SEIXO E SAN XOAN" incluídas no PCC 2008 (código proxecto 08-3300-0033.0) á empresa D. CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ S.L. - CIF B15165004 - no prezo de CENTO TRINTA E NOVE MIL OITOCENTOS EUROS (139.800 €) IVE incluído, según desglose que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 120.517,24 €

B) I.V.E.: 19.282,76 €

C) Total (A + B): 139.800 €

**Segundo.-** Aprobar o gasto con cargo á partida 2009.0.441.0.62703 do orzamento vixente.

**Terceiro.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

**Cuarto.-** Que se requira ao adxudicatario para a formalización do contrato administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación. Asimesmo, deberá notificarse ao resto dos licitadores.

**Quinto.-** Nomear Director Técnico da obra ao enxeñeiro de camiños, redactor do proxecto técnico, D. Marcelino López Méndez.

#### **5.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DA "SEPARATA Nº 3 (2ª PARTE) ABASTECIMIENTO DE AUGA A FRANZA, O SEIXO E SAN XOAN", INCLUIDAS NO POS 2009.**

Transcorrido o prazo legal tras a adxudicación provisional das obras epigrafiadas e unha vez constituída polo adxudicatario provisional, D. CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L. a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 2.729,80 euros, e presentada durante o prazo de presentación de proposicións a documentación esixida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación (documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Adxudicar definitivamente as obras de "SEPARATA Nº 3 (2ª PARTE) ABASTECIMIENTO DE AUGA A FRANZA, O SEIXO E SAN XOAN", incluídas no POS 2009 (código proxecto 09-2100-0156.0) á empresa D. CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L.

- CIF B15317373 - no prezo de SESENTA E TRES MIL TRESCENTOS TRINTA E UN EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (63.331,52 €) IVE incluído, según desglose que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 54.596,14 €

B) I.V.E.: 8.735,38 €

C) Total (A + B): 63.331,52 €

**Segundo.-** Aprobar o gasto con cargo á partida 2009.0.441.0.62701 do orzamento vixente.

**Terceiro.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

**Cuarto.-** Que se requira ao adxudicatario para a formalización do contrato administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación. Asimesmo, deberá notificarse ao resto dos licitadores.

**Quinto.-** Nomear Director Técnico da obra ao enxeñeiro de camiños, redactor do proxecto técnico, D. Marcelino López Méndez.

**6.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA CASA DA CULTURA", INCLUIDAS NO PROGRAMA PROVINCIAL DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS 2008.**

Vista a circular remitida pola Excma. Deputación Provincial de A Coruña para a contratación das obras epigrafiadas e tendo en conta os informes da interventora e do secretario municipal así como a proposta formulada pola alcaldía en data 15.09.2009, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Acordar a necesidade de contratación das obras de "ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA CASA DA CULTURA", incluídas no PROGRAMA PROVINCIAL DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS 2008 para dotar á Casa da Cultura da accesibilidade necesaria mediante a intervención que se detalla e consta no proxecto técnico.

2.- Aprobar o expediente de contratación das obras seguintes:

Denominación obra	Tipo licitación (IVE incluído)
ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA CASA DA CULTURA	73.646,97 €

e dispor a apertura do procedemento de adxudicación polo procedemento negociado sen publicidade, e aprobar o gasto con cargo á partida 2009.0.451.0.62200.

3.- Prestar aprobación ao prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras de "ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA CASA DA CULTURA" comprendidas no PROGRAMA PROVINCIAL DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS 2008.

4.- Sinalar que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos.

## **7.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.**

### **A) CERTIFICACIÓN NÚM. 4 DA OBRA DE "RESTAURACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL"**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 4 da obra de "RESTAURACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL.", da que é adxudicatario D. TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L., por importe de CINCO MIL TRESCENTOS ONCE EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (5.311,02 €), con cargo á partida 2009.1.611.0.63202 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Presta-la súa aprobación á acta de recepción única da devandita obra, de data 04.05.2009.

### **B) CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA DE "MODIFICADO NÚM. 1 DO PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DO ENTORNO DO MERCADO"**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 2 da obra de "MODIFICADO NÚM. 1 DO PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DO ENTORNO DO MERCADO", da que é adxudicatario D. TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L., por importe de DOUS MIL SETECENTOS VINTE E SEIS EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (2.726,20 €), con cargo á partida 2009.1.511.0.63700 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Presta-la súa aprobación á acta de recepción única da devandita obra, de data 04.05.2009.

### **C) CERTIFICACIÓN NÚM. 3-LIQUIDACIÓN DA OBRA DE "REFORMA PLANTA 1ª EDIFICIO AS LAGOAS"**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 3- liquidación da obra de "REFORMA PLANTA 1ª EDIFICIO AS LAGOAS", da que é adxudicatario D. TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L., por importe de DEZAOITO MIL CATROCENOS NOVENTA E OITO EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (18.498,38 €), con cargo á partida 2009.1.451.0.63201 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

**D) CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA DE "REPARACIÓN DE FIRME, AMPLIACIÓN E DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA RÚA DOS CASÁS (MUGARDOS)"**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 2 da obra de "**REPARACIÓN DE FIRME, AMPLIACIÓN E DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA RÚA DOS CASÁS (MUGARDOS)**" incluída no Fondo Estatal de Inversión Local, da que é adxudicatario D. AUXILIAR Y GENERAL DE SERVICIOS S.L. (GAUXS), por importe de SETENTA E TRES MIL CENTO SEIS EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (73.106,94 €), con cargo á partida 2009.0.432.0.60104 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

**E) CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA DE "PROYECTO DE URBANIZACIÓN DA RÚA MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA"**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 2 da obra de "**PROYECTO DE URBANIZACIÓN DA RÚA MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA**", incluída no Fondo Estatal de Inversión Local, da que é adxudicatario D. MANUEL VARELA COLLAZO S.L., por importe de OITENTA E UN MIL NOVECIENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (81.935,58 €), con cargo á partida 2009.0.432.0.60103 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

**8.- PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES DOS CONCELLOS (PAC-1). RECTIFICACIÓN DE ERRO.**

Advertido erro no acordo acadado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 18.06.2009, no que se aproba participar no "Plan provincial de axudas contra a crise destinada á financiación dos gastos correntes dos concellos (Pac.1) 2009, e tendo en conta a proposta formulada pola concelleira de facenda e patrimonio en data 07.09.09, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda rectificar o citado acordo que queda redactado tal e como figura deseguido:

*"Visto o acordo acadado polo Pleno da Deputación Provincial de A Coruña en data 27 de marzo de 2009, no que se aproban as bases reguladoras do Plan provincial de axudas contra a crise destinada á financiación dos gastos correntes dos concellos. PAC-1, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:*

*1.- Participar no "Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos correntes dos concellos 2009 (PAC-1)" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade e solicitar a deputación a aplicación do importe que se lle asignou dentro deste plan para o financiamento dos gastos correntes para o exercicio*

2009 que figuran na estimación realizada pola intervención do concello, que se xunta como anexo.

<b>CONCELLO</b>	<b>ACHEGA PROVINCIAL ASIGNADA</b>
MUGARDOS	74.637,6 €

2.- Declarar que as subvencións que ten previstas o concello para contribuír ao financiamento destes gastos é a seguinte:

<b>SERVIZO</b>	<b>TIPO</b>	<b>CLASE</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>ORGANISMO</b>
Protección Civil	Gasto corrente	Mantemento	5.536,73	Xunta de Galicia
Servizos Sociais	Persoal	Plan Concertado	182.956,53	Xunta de Galicia
Servizos Sociais	Persoal	Psicóloga	12.060,00	Xunta de Galicia
Servizos Sociais	Persoal	Atención Primaria	18.384,11	Deputación Provincial
Servizos Sociais	Gasto corrente	Muller	1.500,00	Xunta de Galicia
Servizos Sociais	Gasto corrente	Escola infantil	29.193,07	Xunta de Galicia
Servizos Sociais	Gasto corrente	Terceira idade	19.999,80	Deputación Provincial
Servizos Sociais	Gasto corrente	Igualdade	9.999,96	Deputación Provincial
<b>TOTAL.....</b>			<b>279.630,20</b>	

3.- Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social."

**9.- ESCRITO DE DNA. JOSEFA SOUTO ADEGA E D. JUAN AMENEIRO PAN, SOLICITANDO CAMBIO DE TITULARIDADE DA PARCELA REFERENCIA CATASTRAL 1519004NJ6111N0001ZT.**

Visto o escrito presentado por D<sup>a</sup> Josefa Souto Adega e D. Juan Ameneiro Pan, solicitando rectificación da propiedade da parcela sita no lugar de Pedreira, esquina rúa Casás con referencia catastral 1519004NJ6111N0001ZT, a cal figura na revisión catastral do ano 1990 a nome do Concello de MUGARDOS, cando dita finca lles corresponde por herencia, figurando no anterior catastro a nome de Juana Montero Pazos (fincas 183 e 185, polígono 19)

Tendo en conta o informe emitido polo secretario da Corporación en data 11.09.09 obrante no expediente, así como a documentación obrante no expediente, en concreto:

- da comunicación da Xerencia do Catastro, onde se pon de manifesto que o concello non figuraba como titular catastral ata a revisión catastral de 1990.
- da relación de propietarios das fincas rústicas 183 e 185, nas que figura como propietaria Dna. Juana Montero Pazos, e no apartado cultivo, aproveitamento... campo de fútbol.

- das declaracións testificais, especialmente da do propietario colindante D. Ramón Díaz Coto, na que manifesta que despois de numerosas xestións conseguiu que o catastro o dira de baixa como titular catastral da parcela aquí xa citada, e que polo coñecemento directo que ten a finca en cuestión nunca foi propiedade do concello.
- do feito de que o cambio de titularidade a favor do concello producese na revisión de 1990, sin que conste documento algún – contrato de compraventa, donación, cesión gratuita, etc..- xustificativo de dito cambio, así como de que non figura no inventariada no inventario de bens municipais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Proceder por parte do Concello de Mugardos á comunicación á Xerencia Rexional do Catastro da súa conformidade ao cambio de titular catastral da parcela con referencia catastral 1519004NJ6111N0001ZT solicitada por D<sup>a</sup>. Josefa Souto Adegá.

#### **10.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR D. JESÚS FERMÍN ROIBAL PÉREZ.**

Visto o escrito de reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Jesús Fermín Roibal Pérez, por danos materiais ocasionados o día 11.04.2009 no vehículo da súa propiedade marca Citroen, matrícula 5704BJS, como consecuencia de estar fóra do sitio unha reixa do rexistro do servizo de recollida de pluviais na rúa Apelón.

Tendo en conta o informe do secretario do concello de data 4 de xuño do 2009, obrante no expediente, no que, en síntese, se pon de manifesto que:

*“O reclamante fundamenta os danos producidos no feito de estar levantada a reixa da recollida de pluviais, feito que está acreditado no expediente no informe da policía local polo que concorre, ao meu entender, o elemento esencial do nexo causal, a justificación de que os danos producidos son unha consecuencia dun funcionamento defectuosos dos servizos municipais, que non tiña solucionado a colocación e suxeción das reixas da recollida de pluviais nesa zona, feito no que incide o informe da policía local, ao poñer de manifesto a urxencia da súa reparación”.*

E tendo en conta o ditame da comisión informativa de facenda e patrimonio, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Estimar a reclamación efectuada por D. Jesús Fermín Roibal Pérez e indemnizalo coa cantidade de 918,71 euros, pola lesión sufrida como consecuencia dos danos ocasionados no vehículo da súa propiedade marca Citroen, matrícula 5704 BJS, como consecuencia de estar levantada a reixa de recollida de augas pluviais.

**Segundo.-** Da citada indemnización deberá ser aboada polo concello a contía de 300,51 euros, por ser a franquicia establecida con carácter xeral na póliza de responsabilidade civil/patrimonial que ten concertado o concello para a cobertura destes riscos, e dar traslado do expediente e do acordo que se adopte á compañía coa que o concello ten concertado a cobertura destes riscos, Mapfre Industrial, a través de Aon Gil y Carvajal, a fin de que pola citada compañía se abone a diferenza ata a cantidade reclamada.

#### **11.- EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INCOADO A INSTANCIA DE D. ANTÓN BOEDO SAIZ EN REPRESENTACIÓN DE DNA. MERCEDES GELPI MARTÍNEZ.**

Visto o escrito de D. Antón Boedo Saiz, en representación de D<sup>a</sup>. Mercedes Gelpi Martínez, de data 11.05.2009, no que expón que o vehículo propiedade da súa representada marca Citroen Saxo, matrícula M-9734 WF, estaba estacionado o día 23.01.09 na rúa Eduardo Pondal, cerca da Casa da Cultura, e como consecuencia dos fortes ventos dese día desprendéronse tellas da Casa da Cultura que impactaron contra o coche causándolle danos, que valora na contía de 661,58 euros, de acordo co informe técnico pericial que xunta.

Tendo en conta o informe do secretario do concello de data 10.06.2009, obrante no expediente, no que en síntese se pon de manifesto que:

*“Consta acreditado, con base no informe da policía local xa citado os feitos expostos polo reclamante, e o dano producido, así como a súa valoración polo reclamante, que cifra en 661,58, de acordo co informe pericial que xunta ao seu escrito , e a autorización da propietaria a favor do sr. Boedo Saiz para actuar no seu nome.”*

E tendo en conta o ditame da comisión informativa de facenda e patrimonio, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Declarar a responsabilidade patrimonial do concello e indemnizar a D. Antón Boedo Saiz, en representación de Dna. Mercedes Gelpi Martínez coa cantidade de 661,58 € pola lesión sufrida como consecuencia dos danos ocasionados no vehículo marca Citroen Saxo, matrícula M-9734 WF, polas tellas caídas do tellado da casa de cultura sobre o coche.

**Segundo.-** Da citada indemnización deberá ser aboada polo concello a contía de 300,51 euros, por ser a franquicia establecida con carácter xeral na póliza de responsabilidade civil/patrimonial que ten concertado o concello para a cobertura destes riscos, e dar traslado do expediente e do acordo que se adopte á compañía coa que o concello ten concertado a cobertura destes riscos, Mapfre Industrial, a través de Aon Gil y Carvajal, a fin de que pola citada compañía se abone a diferenza ata a cantidade reclamada.

#### **12.- APROBACIÓN DO GASTO.**

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2009, coa aplicación presupostaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

<b>Rex.</b>	<b>Fact</b>	<b>Partida</b>	<b>Proveedor e Concepto</b>	<b>Importe</b>
1287	1784	2009.0.442.0.22713	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RU PLANTA DE NARON, MES XUÑO	10.610,62 €
1579	2/2009	2009.0.322.0.22724	Mª LUISA MOREIRA GARCIA DOCENCIA CURSO AFD, GUIADE RUTA, MES AGOSTO	4.200,00 €
1580	9/2009	2009.0.322.0.22725	CLAUDINA DEL PINO MARTINEZ DOCENCIA CURSO PLAN AFD,AXENTE DESENVOLVEMENTO TURISTICO.	5.040,00 €
1581	MG08/200 9	2009.0.313.0.22718	ANA NAYA GARCIA, S.L. SERVIZO PUBLICO DE ATENCION A PRIMEIRA INFANCIA DE AS LAGOAS, MES AGOSTO.	5.995,47 €
1582	269	2009.0.432.0.22710	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACION ALUMEADO PUBLICO,AGOSTO	3.103,13 €

### **13.- LICENZAS DE OBRAS.**

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen perjuicio de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

#### **A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:**

- **Dna. NIEVES MARTÍNEZ CARUNCHO (EXPTE. 105/2009) segundo solicitude de data 6 de xullo de 2009**, para cambio de tellado, en San Victorio nº 23, referencia catastral: 2710005NJ6121S.

A edificación sitúase nunha parcela cualificada como Solo de Núcleo Rural (SNR) polo PXOM.

A edificación atópase en situación de fóra de ordenación, por incumprimento dos recuamentos mínimos a lindeiros. Por aplicación do artigo 255 do PXOM a separación mínima a lindeiros laterais en Solo de Núcleo Rural será de 2 metros.

Por aplicación do artigo 49 do PXOM, en edificios fóra de ordenación permítense obras de conservación, mantemento e de reforma menor.

As obras non suporán incremento de superficie ou volume, nin obras de cambio de estrutura na edificación, limitándose á substitución de material de revestimento de cuberta.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

**- Dña. GUADALUPE PAZOS GARCÍA (EXPTE. 118/2009) segundo solicitude de data 31 de xullo de 2009**, para instalación de rótulo, en R/ San Fernando nº 3.

A edificación sitúase nun ámbito cualificado como Solo Urbano de Casco Antigo (SU-CA) polo PXOM.

As obras consistirán na instalación dun rótulo luminoso de estanco na fachada.

As dimensións axustaranse ao recollido no PXOM.

Por aplicación do artigo 81 do PXOM de Mugardos os anuncios perpendiculares ao plano de fachada autorizaranse só en pranta baixa. A altura mínima sobre a rasante da beirarrúa será de 2,50 m. e o seu saínte máximo igual ao fixado para o voo.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

**- D. TOMÁS GARCÍA MONTEAGUDO en representación de Dña. PATRICIA ROMERO GRAÑA (EXPTE. 122/2009) segundo solicitude de data 11 de agosto de 2009**, para instalación de rótulo, en Avda. de Galicia nº 53.

A edificación sitúase nun ámbito cualificado como Solo Urbano Semidenso (SU-SD) polo PXOM.

As obras consistirán na instalación dun rótulo de 50 cm. de ancho e 90 cm. de alto, situado na fachada do local que dá á Avda. de Galicia.

As dimensións axustaranse ao recollido no PXOM.

Por aplicación do artigo 81 do PXOM de Mugardos os anuncios perpendiculares ao plano de fachada autorizaranse só en pranta baixa. A altura mínima sobre a rasante da beirarrúa será de 2,50 m. e o seu saínte máximo igual ao fixado para o voo.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

**- D. FRANCISCO GUILLAMÓ SAMPER (EXPTE. 124/2009) segundo solicitude de data 12 de agosto de 2009**, para substitución de tellado, en R/ Fieiteiras nº 7, referencia catastral: 1112017NJ6111N.

A edificación está situada nunha parcela cualificada como Solo Urbano Semidenso (SU-SD) polo PXOM.

A edificación atópase en situación de fóra de ordenación por incumprimento de recuamentos e aliñacións. Por aplicación do artigo 222 do PXOM os recuamentos laterais mínimos serán de 3 m. e as aliñacións as definidas polo trazado dos viais en planos.

Por aplicación do artigo 49 do PXOM, en edificios fóra de ordenación permítense obras de conservación, mantemento e de reforma menor.

As obras non suporán incremento de superficie ou volume, nin obras de cambio de estrutura na edificación, limitándose á substitución de material de revestimento da cuberta.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

## **B) PECHES**

**- D. ALBERTO ROCHA VELÁZQUEZ en representación de D. PEDRO ROCHA ROMAUS (EXPTE. 29/2009), segundo solicitude de data 4 de marzo de 2009, para construción de peche de bloque ao fronte da vía, en camiño do Sarrixal (Roibeiras), referencia catastral: 15052A021002860000MO.**

A parcela onde se vai realizar o peche está cualificada como Solo Rústico de Protección Agrícola (SRPA) polo PXOM.

A obra consistirá en:

- Construción de peche ao fronte da vía que será de bloque coas seguintes condicións, en aplicación do artigo 42 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e do artigo 309 do PXOM:
  - A altura total do peche proxectado será de 1,50 metros como máximo, sempre referenciados á rasante da vía, e opaco 1 m. como máximo. O restante ata a altura máxima pode rematarse con reixa, malla metálica rixida, celosía, etc. Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de aramios, tampouco os remates agudos.
  - As portas cumprirán o límite de altura, e serán opacas como máximo 1 m.
  - Situarase na aliñación, que se establece a 4 metros do eixo da vía, debendo solicitar ao concello antes da súa execución.
- Construción de peche nos lindes laterais que será de malla metálica coas seguintes condicións, en aplicación do artigo 42 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e do artigo 309 do PXOM:
  - A altura total do peche proxectado será de 1,50 metros como máximo, sempre referenciados aos colindantes. A malla metálica será rixida. Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de aramios nin os remates agudos.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

**- D. GASPAR SANJUÁN LÓPEZ (EXPTE. 104/2009), segundo solicitude de data 3 de xullo de 2009, para construción de peche, en Lg. Igrexa, referencia catastral: 001402800NJ61A0001QH.**

A parcela onde se vai realizar o peche está cualificada como Solo Rústico Común (SRC) polo PXOM.

En aplicación do artigo 42 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia:

- *Os peches e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con*

*material opaco de fábrica superen a altura de 1 m. En todo caso débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, non permitíndose o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.*

En aplicación do artigo 309 do PXOM do concello de Mugaros:

- *Os peches a camiño público terán unha altura máxima de 1,50 m. e non serán opacos en máis de 1 m. de altura, exceptuando os vexetais que poderán acadar a altura máxima de 1,50 m.*
- *Será obrigatorio o revoque e pintado dos muros de fábrica de bloque de formigón ou materiais opacos análogos, en cores que entonen coa paisaxe.*
- *Non se permiten os peches con mallas tipo galiñeiro ou de arames, nin os remates agudos.*

O peche distará 4,00 metros do eixo da vía, debendo solicitar a aliñación ao Concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

### **C) PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL**

Vistos os erros materiais cometidos pola Xunta de Goberno Local mediante acordo de data 03.09.2009 na denegación de licenza de obras (expte. 87/2009) para reconstrución de adegas, en Trav. Fieiteiras nº 28, consistente en que na mesma se di “- **D. MANUEL PRADOS PADILLA en representación de Dna. LUCÍA DE JESÚS PADILLA GONZÁLEZ** (EXPTE. 87/2009) segundo solicitude de data 9 de xuño de 2009, para reconstrución de adegas, en Trav. Fieiteiras nº 28, referencia catastral: 1219042NJ6111N”, cando debería dicir “**Dna. MARISOL PRADOS PADILLA en representación de Dna. LUCÍA DE JESÚS PADILLA GONZÁLEZ** (EXPTE. 87/2009) segundo solicitude de data 9 de xuño de 2009, para reconstrución de adegas, en Trav. Fieiteiras nº 28, referencia catastral: 1219042NJ6111N”, a Xunta de Goberno Local acorda proceder á rectificación do erro material sinalado, quedando en consecuencia, a denegación da licenza de obras como segue:

- **Dna. MARISOL PRADOS PADILLA en representación de Dna. LUCÍA DE JESÚS PADILLA GONZÁLEZ (EXPTE. 87/2009) segundo solicitude de data 9 de xuño de 2009**, para reconstrución de adegas, en Trav. Fieiteiras nº 28, referencia catastral: 1219042NJ6111N, cualificada como Solo Urbano de Baixa Densidade (SU-BD) polo PXOM, polos seguintes motivos:

- Realizada visita o día 17.06.2009 obsérvase que:
  - A reconstrución da adegas atópase xa rematada, comprobando unha superficie total computable de 35,88 m<sup>2</sup> e unha altura de 2,50 metros.
  - A adegas dispón no seu interior de cociña e baño.
- No artigo 312 do PXOM indícase que se permiten edificacións auxiliares cunha superficie máxima total de 25 m<sup>2</sup> e cunha altura máxima de 2,00 metros e que se prohíbe a realización de servizos hixiénicos.
- Ademais na parcela, edificada cunha vivenda unifamiliar, existen xa outras construcións

con uso de **adega e fóra de ordenación**, de superficie maior a 25 m<sup>2</sup>.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e trinta minutos do día ao comezo sinalado, pola Presidencia levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe  
O ALCALDE